

Ferrolterra, 25 marzo 2016

Apreciados camaradas abelleiros e amigos da natureza:

Como todos sabedes AGA esta desenrolando un esforzó importante para acotar este gran problema medio ambiental e de seguridade ciudada que e de todos... e non soio dos abelleiros.

O traballo desenvolto pola vosa asociación e a todos os niveis:

1 Político.- Entrevistandonos e presionando a todas as institucións, tanto a nivel municipal, autonómico, nacional e europeo.

- Reunións de coordinación por zoas cos abelleiros e dous cos concellos afectados.
- Mobilización en Ferrol orgaizada polas delegacións do norte.
- Varias reunións coa Xunta. Inicialmente sin moito froito, pero agora parece que comencan a moverse. O seú compromiso o comprobaremos no veran.



- Envío de misivas a Madrid, sin ou con respostas negativas.

• Xornada técnica en Bruselas "AFRONTANDO RETOS PARA A SUPERVIVENCIA DAS ABELLAS EN EUROPA". Unha delegación de 60 abelleiros/as de diversas asociacións e países, entre as que estaban 17 socios e socias de AGA, participaron no Parlamento Europeo o pasado 3 de marzo para tratar o tema da velutina e dos neonicotinoides. Para mais información.- <http://www.apiculturagalega.es/.../Abelleiros-e-abelleira.../250>

Se nos ha dado un coñecimento superior, nosa misión e utilízalo en favor da natureza e dos máis desprotexidos.

2 Económico.- AGA Central pon de fondos propios 52.000 € para levar a cabo un proxecto de investigación en colaboración coa Universidade de Vigo.

3 Humano.- Todos os compoñentes de AGA, dun xeito ou de outro, combatimos a especie. Os grupos de traballo das distintas delegacións están facendo un sobreesforzo importante debido ao problema. Como exemplo.- Na bisbarra de Ferrolterra no 2014 eliminamos 4 niños, e o pasado 2015 preto de 350 niños velutinos e a noite (cando hai que facelo).

Pero a situación ira a peor e non podemos seguir auxiliando a os concellos. Trátase dun problema medio ambiental e de seguridade ciudada, cúa responsabilidade recae nas administracións, e os abelleiros temos suficiente con defender nosos colmeares, polo que temos que cambiar de proceder, a partir de agora, como coñecedores do problema, axudaremos con asesoramento e formación de grupos municipais pero non seremos nos quenos actuemos directamente na eliminación dos niños porque non seremos capaces e estaremos mais que saturados. Soio vosa delegación no 2015 eliminou mais de 100 en Ferrol, mais de 80 en Naron, sobre 30 en Neda e San Sadurniño e cantidades menores en outros concellos da bisbarra.




Agora toca seguir realizando labor divulgativa e de sensibilizando entre os veciños do rural para que participen activamente na campaña primaveral de trampeo das raiñas fundadoras. Si o logramos este 2016 teremos moitos menos niños no verán, e si fracasamos esto será un inferno para todos, e non soio para as abellas. **Nas zoas onde na primaveira se trampeou orgaizadamente os niños reducironse ao 25%.**

Esta primaveira desde a delagación Ferrolterra de AGA propuxemonos percorrer o maior número posible de AVV's do rural e de apoiar económicamente a campaña de trampeo co reparto de trampas e atraintes entre nosos asociados.



As abellas desenrolan seu vital traballo de polinización sin importar donde e como. Ao igual que as abellas en AGA intentamos chegar con noso traballo de conciencia e protección do medioambiente a toda Galicia. E ti, ¿desde onde nos acompañas coa loita?



ENTREGA DE TRAMPAS E ATRAINTEs PARA ELIMINACIÓN DAS RAIÑAS FUNDADORAS

Co obxecto de limitar a multiplicación da velutina e comprobada a importancia da facer campaña primaveral de trampeo de raiñas fundadoras AGA reparteu entre todos os socios afectados trampas e atraintes coa única obrigación de comunicar as súas capturas. Dato importante para o programa de investigación que conveníamos coa Universidade de Vigo.



No corazón de todos os invernos vive unha primaveira palpitante, e detrás de cada noite moura ven un amencer cheo de esperanza

As raiñas fundadoras xa empezan a sair da súa invernación, de feito xa estan caendo nas trampas polo que todos temos que poñer o maior número posible delas distanciandoas unhas de outras ao menos 25 metros e colocandolas no preto das colmeas si non nos arbores en flor. Teñen unha preferencia especial polas camelias en flor por ser especies da súa zoa de orixen. Os que aínda non as colocachedes facelo xa.



As trampas son moito mais eficaces nas camelias en flor

DAGA Ferrolterra, con nosos fondos propios, tamen queremos participar solidariamente neste importante momento coa distribución gratuita entre nosos asociados de tres trampas e as dosis necesarias para 18 semanas. Os socios que aínda non as retiraron que pasen a recollelas.

E importante trampear agora, xa que as raiñas que cazemos seran niños que evitemos no verán. Interesante articulo relacionado.- <http://laduda.net/las-avispa-as-esinas-despiertan-la-primavera-reinician-actividad-invasora/>

Actividades formativas programadas

SEMANA DAS ABELLAS DE FERROL

Centro Cultural Carvalho Calero, do 31 de marzo ao 6 de abril. Programa de actividades:

- Exposición educativa ambiental "ABELLAS E MEDIOAMBIENTE".
- Programa específico para centros educativos "AS ABELLAS NA ESCOLA"



As abellas non se preguntan si algo é difícil ou doado... simplemente o fan. Na sociedade das abellas a palabra imposible non parece existir.

Xornadas técnicas:

- Venres, 1 de abril, ás 19 horas.- Abellas e biodiversidade. Pasado, presente e futuro da apicultura galega. Relator.- Rafael Díaz Nieto. Técnico apícola.
- Sábado, 2 de abril, ás 11 horas.- "Flora de interese apícola". Relatora.- M^a Seijo Coello. Dra. en Bioloxía na Facultade de Ciencias de Ourense.
- Mércores, 6 de abril, ás 19 horas.- "Características dos propóleos das abellas e beneficios na saúde humana". Relatora.-

Deyanira Valdés Rábago. Dra. en Medicina pola Facultade de Ciencias Médicas da Habana.

Curso de iniciación.- Técnicas de apicultura natural sostible (60 h) de abril a setembro. Inicio mediados de abril.

Curso específico (24 h) de selección de raiñas e multiplicación do colmeaar.

Curso formativo para os grupos de intervención.- Curso teórico/práctico de 12 horas.

Xornadas técnicas de multiplicación (8 h).- A chegada da velutina está acabando cos pequenos colmeares dos abelleiros modestos. Mentras non se consegue un método eficaz de control (lembrede a varroa) hemos de axudalos e ilusionalos para que non abandonen o mundo das abellas. Estes pequenos abelleiros precisan unha mínima formación para que sexan capaces de facer eles mesmos tanto raiñas como núcleos de calidade. Catro horas de teoría e outras catro de prácticas con métodos sinxelos e prácticos de cría e multiplicación. Obviamente esta actividade será gratuita e aberta a todo abelleiro de AGA.

Talleres teórico/prácticos específicos de reciclado da cera e elaboración de xabóns artesanais con produtos da colmea. Talleres curtos de media xornada (4 h).

PROGRAMA STOP VELUTINA NA BISBARRA DE FERROLTERRA

Campaña divulgativa/sensibilización da avespa velutina no rural de Ferrolterra. Estas charlas polas parroquias da bisbarra pretenden sensibilizar a xente do rural e facelos participantes da campaña de trampeo primaveral para a captura de raiñas fundadoras.

Elaboración de material divulgativo de apoio formado por trípticos e cartelería (15000 e 2000). Que distribuímos durante as charlas e nos puntos de encontro social e de interese (AVV, tendas e bares del rural).

Por si a Xunta non se pon as pilas estamos formando grupos municipais de intervención para a eliminación dos niños en verán. O pasado ano se puxo a funcionar en Neda, Valdoviño e Naron e continuamos traballando para conseguilo nos outros concellos da bisbarra.



Asamblea ordinaria da DAGA Ferrolterra



Venres 1 de abril, ás 16:30 en primeira convocatoria e 17 horas en segunda. Salón de Actos do Centro Cultural Carvalho Calero de Ferrol:

- 1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Memoria das actividades desenvoltas no ano 2015.

3.- Balance e aprobación das contas do ano 2015.

4 - Proposta de actividades para o ano 2016.

5.- Velutina. Informarémovos do amplo traballo desenvolto no último ano en tódolos campos posibles, tanto a nivel central como a nivel local da delegación.

6.- Potenciación do grupo de traballo da DAGA. O ano pasado tocou eleccións e actualmente o grupo de traballo está composto por.- Alfonso Adegas, Chema Orbaneja, Celso Polo, Jorge Lema, Manolo Villarnovo, Sonia Folgar e Rafa Díaz, e como asesores os Antonios (Mesejo Cerdido e Dopazo Barrio).

E como entidade aberta e participativa que somos calquera outro/a socio/a que esté disposto a colaborar. Non temos diferenzas por cargos asignados, só ganas de traballar polo ben das abellas, da natureza e da colectividade. Non quedades ao marxe, involúcrate aportando o que boamente podades en compromiso e tempo.

7.- Rogos e preguntas.

A assemblea é o lugar axeitado para debatir as ideas e propostas que teñas. ¡Participa!



REMITE:



C/. San Salvador, 41- 2º
15404 Ferrol